

BANDO

Roberto José Álvarez Carrero, Alcalde do Concello da Guarda

FAGO SABER

Co fin de garantir a seguridade, manter o ornato público e reducir o risco de incendios, **tódalas persoas propietarias de solares e parcelas situadas en solo urbano, urbanizable ou núcleo rural deberán mantelos limpos e coa vexetación debidamente desbrozada.**

1. As parcelas situadas nunha franxa de **50 metros** arredor de solo urban, núcleos de poboación, vivendas e instalacións próximas ao monte deberán permanecer libres da biomasa vexetal especificada na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, como son: piñeiros, eucaliptos, acacias, toxos, fentos, mimosas, xestas, carqueixas e silvas.

2. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar a requirimento municipal, concedéndose un prazo de conformidade co que establece a normativa.

Infórmase da obriga de manter as parcelas nas condicións indicadas antes do 31 de maio.

Este recordatorio realízase en beneficio da seguridade colectiva e da prevención de incendios forestais.

No Concello de A Guarda, a 12 de marzo de 2026.

O ALCALDE

FIRMA

